

OS CONCELLOS DE CAMPO LAMEIRO, MORAÑA E PORTAS POÑERÁN EN MARCHA UN IRMANDAMENTO XUVENIL A TRAVÉS DUNHA VIAXE Ó PARQUE NATURAL DE IGUAZÚ.

Moraña, 16 de febreiro de 2026

O intercambio xuvenil internacional que baixo o título “Irmandade entre culturas”, terá lugar do 20 ó 29 de marzo no Parque Nacional de Iguazú, con actividade en Arxentina, Brasil e Paraguai.

Este programa, organizado conxuntamente polos concellos de Campo Lameiro, Moraña e Portas, está destinado a mozas e mozos empadroados con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, ofrecendo unha oportunidade única para coñecer outras realidades socioculturais, lingüísticas e económicas, así como para fomentar valores como a cidadanía activa, a solidariedade e a tolerancia.

O intercambio desenvolverase na cidade de Puerto Iguazú (Misiones, Arxentina), con extensións a Brasil e Paraguai, e incluírá actividades culturais, institucionais e de convivencia, así como visitas ó Parque Nacional de Iguazú e ás Cataratas tanto pola vertente arxentina como brasileira, entre outras experiencias formativas e de coñecemento da contorna.

Cada concello realizará un reunión informativa previa onde se explicarán as condicións de participación, o proceso de inscrición, a documentación necesaria, así como todos os aspectos organizativos do intercambio. A reunión permitirá resolver dúbidas e garantir que as persoas interesadas dispoñan de toda a información precisa para formalizar correctamente a súa solicitude.

Anímase a mocidade a aproveitar esta oportunidade de crecemento persoal, aprendizaxe intercultural e representación do municipio nun proxecto de proxección internacional que reforza os lazos da amizade entre territorios e culturas.